



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 22 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/2021.

O día 10 de xullo de 2020 publicouse a Orde do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2020/2021.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 02 de outubro de 2020 reuniuse na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no prazo extraordinario. Dado que non existen persoas excluídas e visto que de acordo co establecido nos artigos 4.4 e 17 da dita orde, o número de solicitudes presentadas é inferior ao número de prazas tanto de residencia en pensión completa coma de media pensión/xantar diario non regular ofertadas na convocatoria, a Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

RESOLVE:

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 22 de xuño de 2020, facer pública a relación provisional de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no prazo extraordinario. Esta relación figura como Anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas ao presidente ou presidenta da dita comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO

Relación provisional de persoas adjudicatarias de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario. Curso 2020/2021

Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2020/2021

| Nº | NOME | DNI |
|----|--|-----------|
| 1 | ABAL PADÍN, CRÍSTIAN | ****142** |
| 2 | BLANCO ARNOSI, JUAN | ****773** |
| 3 | PENA FERNÁNDEZ, ERIC | ****949** |
| 4 | RODRÍGUEZ QUATTRINI, CHIRSTIAN EDUARDO | ****287** |

- As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas ao presidente ou presidenta da Comisión.

